

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 28 DE ABRIL DO 2021

Alcalde-Presidente:

Carlos Ladra Brage

ASISTENTES

Concelleiros/as;

Grupo político municipal PSdG-PSOE

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M^a. Rodríguez Fernández

Grupo político municipal BNG:

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

Grupo político municipal PP:

Elena María Arias Martínez

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela

Grupo Mixto:

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

AUSENCIAS XUSTIFICADAS:

Secretaría-Interventora:

Irene Suárez López

Sesión telemática celebrada en virtude do artigo 46.3 da LBRL introducido pola Disposición Adicional segunda do Real Decreto lexislativo 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes e complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19. Sendo as 13:30 horas do 28 de abril do 2021, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaría-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

ORDE DO DÍA

PRIMEIRO.- Proposta de ratificación da solicitude do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS + 2021, da Deputación Provincial da Coruña.

Obra no expediente a proposta que se transcribe literalmente:

Expediente: 1597/2020

Procedemento: Subvencións Solicitadas a Outra Administración POS+2021

PROPOSTA ALCALDÍA SOBRE RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, POS+2021, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Visto que na sesión ordinaria do Pleno da Corporación, celebrada en data 27 de xaneiro de 2021, aprobouse a solicitude de participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Único de Concellos, POS+2021, da Deputación Provincial da Coruña.

Visto a comunicación efectuada pola Depuración Provincial da Coruña, con rexistro de entrada nº 2021-E-RC-561, de data 5 de abril de 2021, en relación á obra incluída no Plan Complementario "Mellora do pavimento en Camiño do Pereiro (N-651-A Rubada), na que se comunica que o proxecto por importe de 25.887,61 euros



é inferior ao establecido na Base 2.3 da convocatoria, no sentido de que “o importe mínimo de cada obra debe ser de 30.000,00 euros (ive incluído)”.

Visto a comunicación efectuada pola Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada nº 2021-E-RC-562, de data 5 de abril de 2021, en relación á obra incluída no Plan Complementario “Mellora da capa de rodaxe na pista do centro recreativo a Cruce Camiño Batán e acceso (Porto)”, na que se comunica que o proxecto por importe de 26.391,70 euros é inferior ao establecido na Base 2.3 da convocatoria, no sentido de que “o importe mínimo de cada obra debe ser de 30.000,00 euros (ive incluído)”.

Visto a comunicación efectuada pola Depuración Provincial da Coruña, con rexistro de entrada nº 2021-E-RC-560, de data 5 de abril de 2021, en relación á obra “Reparación camiños municipais de Horta, Pereiro e Río dos Carneiros”, no que se solicita a corrección do apartado 1.C) “Financiamento do investimento” do Anexo I, o importe do orzamento da obra financiada con cargo á achega provincial 2020, debendo constar a contía de 50.432,42 euros en lugar de 50.342,42 euros.

Visto que por **Resolución da Alcaldía 319/2021**, de data 14 de abril de 2021, ditouse a resolución que a continuación se reproduce, a efectos de refundir nun só proxecto as obras “Mellora da capa de rodaxe na pista do centro recreativo a Cruce Camiño Batán e acceso (Porto), cun orzamento de 26.391,70 euros, e “Mellora do pavimento en Camiño do Pereiro (N-651 –A Rubada), cun orzamento de 25.887,61 euros, aprobados polo Pleno da Corporación en sesión realizada en data 27/01/2021, incluídos dentro do Plan Complementario do POS+2021, da Deputación Provincial da Coruña.

“RESOLUCIÓN. Inclusión proxecto no Plan Complementario do POS+2021.

Visto os proxectos “Mellora da capa de rodaxe na pista do centro recreativo a Cruce Camiño Batán e acceso (Porto), cun orzamento de 26.391,70 euros, e “Mellora do pavimento en Camiño do Pereiro (N-651 – A Rubada), cun orzamento de 25.887,61 euros, aprobados polo Pleno da Corporación en sesión realizada en data 27/01/2021, incluídos dentro do Plan Complementario do POS+2021, da Deputación Provincial da Coruña.

Visto os requirimentos efectuados pola Deputación Provincial da Coruña en data 5 de abril de 2021, con rexistros de entrada 2021-E-RC-561 e 2021-E-RC-562, nos que se comunica que os orzamentos de ditos proxectos son inferiores ao establecido na Base 2.3 da convocatoria, no sentido de que o importe mínimo de cada obra debe ser de 30.000,00 euros, ive incluído.

Visto o proxecto “Mellora do pavimento en Camiño do Pereiro (N-651- A Rubada) e na pista do centro recreativo a cruce camiño Batán e acceso (Porto), redactado polo enxeñeiro de camiños D. Pablo Blanco Ferreiro, cun orzamento de 52.279,31 euros, no que se refunden as actuacións previstas nos dous proxectos recollidos anteriormente.

Polo exposto anteriormente, no uso das atribucións do artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo e demais disposicións concordantes,

RESOLVO:

Primeiro. Deixar sen efecto a inclusión no Plan Complementario do POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña os proxectos “Mellora da capa de rodaxe na pista do centro recreativo a Cruce Camiño Batán e acceso (Porto), cun orzamento de 26.391,70 euros, e “Mellora do pavimento en Camiño do Pereiro (N-651 –A Rubada), cun orzamento de 25.887,61 euros, por ser inferiores ao establecido na Base 2.3. das bases reguladoras do POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña.

Segundo. Aprobar o proxecto “Mellora do pavimento en Camiño do Pereiro (N-651- A Rubada) e na pista do centro recreativo a cruce camiño Batán e acceso (Porto)”, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Pablo Blanco Ferreiro, cun orzamento de 52.279,31 euros, no que se refunden as actuacións previstas nos dous proxectos recollidos anteriormente.

Terceiro. Incluír no Plan Complementario do POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña o proxecto “Mellora do pavimento en Camiño do Pereiro (N-651- A Rubada) e na pista do centro recreativo a cruce camiño Batán e acceso (Porto)”.

Cuarto. Ratificar a presente resolución polo Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.”



Visto que por **Resolución da Alcaldía 322/2021**, de data 14 de abril de 2021, ditouse resolución sobre emenda do Anexo I da solicitude do POS+2021, da Depuración Provincial da Coruña, sendo a que a continuación se relaciona:

“RESOLUCIÓN. Emenda Anexo I da solicitude do POS+2021.

Visto a comunicación da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada nº 2021-E-RC-558, de data 5 de abril de 2021, na que se solicita a emenda do apartado 1.C) “Financiamento de investimentos “do Anexo I da solicitude do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, POS+2021, da Deputación Provincial da Coruña, no que respecta ao importe da obra “Reparación de camiños municipais de Horta, Pereiro e Río dos Carneiros”, financiada con cargo á achega provincial 2020, por existir un erro de transcripción, debendo constar a contía de 50.432,42 euros en lugar da contía 50.342,42 euros.

Polo exposto anteriormente e á vista das atribucións do artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 61.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo e demais disposicións concordantes,

RESOLVO:

Primeiro. Emendar o erro material existente no apartado 1.C) “Financiamento de investimentos “do Anexo I da solicitude do POS+2021, no que respecta ao importe da obra “Reparación de camiños municipais de Horta, Pereiro e Río dos Carneiros”, debendo figurar o importe de 50.432,42 euros en lugar de 50.342,42 euros.

Segundo. Dar traslado do presente Anexo á Deputación Provincial da Coruña, a efectos da subsanación do erro descrito.”

De conformidade co exposto anteriormente esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro. Ratificar a resolución da Alcaldía 319/2021, de data 14 de abril de 2021, a efectos de deixar sen efecto a inclusión no Plan Complementario do POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña os proxectos “Mellora da capa de rodaxe na pista do centro recreativo a Cruce Camiño Batán e acceso (Porto), cun orzamento de 26.391,70 euros, e “Mellora do pavimento en Camiño do Pereiro (N-651 –A Rubada), cun orzamento de 25.887,61 euros, por ser inferiores ao establecido na Base 2.3. das bases reguladoras do POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña.

Segundo. Aprobar o proxecto “Mellora do pavimento en Camiño do Pereiro (N-651- A Rubada) e na pista do centro recreativo a cruce camiño Batán e acceso (Porto)”, redactado polo enxeñeiro de camiños D. Pablo Blanco Ferreiro, cun orzamento de 52.279,31 euros, no que se refunden as actuacións previstas nos dous proxectos recollidos anteriormente.

Terceiro. Incluír no Plan Complementario do POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña o proxecto “Mellora do pavimento en Camiño do Pereiro (N-651- A Rubada) e na pista do centro recreativo a cruce camiño Batán e acceso (Porto)”.

Cuarto. Modificar o Anexo I da solicitude, que quedaría redactado nos seguintes termos:

APROBACIÓN SOLICITUDE PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, PLAN ÚNICO CONCELLOS, POS +2021, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Visto as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal, Plan Único Concellos, POS+ 2021, da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 205, de data 1 de decembro de 2020, e modificación publicada no BOP nº 225, de data 31 de decembro de 2020, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do presente ACORDO:



1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021", "achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores			

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	131.279,40 €
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	131.279,40 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2021			

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibiles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Reparación Camiño Chamoso	72.368,27 €	0,00 €	72.368,27 €
Reparacións Camiños Municipais de Horta, Pereiro e Río dos Carneiros	50.432,42 €	0,00 €	50.432,42 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	122.800,69 €	0,00 €	122.800,69 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:



<i>Entidade financeira</i>	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

E) Resumo:

SUBTOTALS		<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Total</i>
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020			
	Achega 2021			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	131.279,40 €	0,00 €	131.279,40 €
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021			
	Achega 2020	122.800,69 €	0,00 €	122.800,69 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021			
TOTAL	Achega 2021	131.279,40 €	0,00 €	131.279,40 €
	Achega 2020	122.800,69 €	0,00 €	122.800,69 €
	Préstamo 2021	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	254.080,09 €	0,00 €	254.080,09 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
<i>Mellora do pavimento en Camiño do Pereiro (N-651- A Rubada) e na pista do centro recreativo a cruce camiño Batán e acceso (Porto)</i>	52.279,31 €



Mellora das instalacións recreativas en Pedra do Couto	45.385,54 €
Ampliación da rede de saneamento de augas residuais en Val de Arriba e Pena do Pico	67.950,14 €
TOTAIS	165.614,99 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día é aprobado por unanimidade dos membros presentes (11 votos)

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos membros presentes (11 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores			

B) Financiamento de gastos correntes:

Deputación



Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	131.279,40 €
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	131.279,40 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal investimentos achega provincial 2021			

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Reparación Camiño Chamoso	72.368,27 €	0,00 €	72.368,27 €
Reparacións Camiños Municipais de Horta, Pereiro e Río dos Carneiros	50.432,42 €	0,00 €	50.432,42 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	122.800,69 €	0,00 €	122.800,69 €


Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020			
	Achega 2021			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	131.279,40 €	0,00 €	131.279,40 €



	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021			
	Achega 2020	122.800,69 €	0,00 €	122.800,69 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021			
TOTAL	Achega 2021	131.279,40 €	0,00 €	131.279,40 €
	Achega 2020	122.800,69 €	0,00 €	122.800,69 €
	Préstamo 2021	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	254.080,09 €	0,00 €	254.080,09 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Mellora do pavimento en Camiño do Pereiro (N-651- A Rubada) e na pista do centro recreativo a cruce camiño Batán e acceso (Porto)	52.279,31 €
Mellora das instalacións recreativas en Pedra do Couto	45.385,54 €
Ampliación da rede de saneamento de augas residuais en Val de Arriba e Pena do Pico	67.950,14 €
TOTAIS	165.614,99 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.



7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

SEGUNDO.- Proposta de solicitude de subvención nominativa á Deputación Provincial da Coruña para levar a cabo a actuación “Mellora da accesibilidade e dos servizos urbanos na estrada N-651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+940, en Cabanas.

Obra no expediente a proposta que se transcribe literalmente:

Expediente núm.448/2021

Asunto: Solicitude de subvención nominativa á Deputación da Coruña para levar a cabo a actuación “Mellora da accesibilidade e dos servizos urbanos na estrada N-651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas.”

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a memoria elaborada pola Alcaldía, na que se xustifican as razóns de interese público ao obxecto de solicitar subvención nominativa á Deputación da Coruña, para levar a actuación “Mellora da accesibilidade e dos servizos urbanos na estrada N-651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas.”

Visto, asemade, o proxecto que para a dita actuación obra no expediente, asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Antonio J. Durán Maciñeira.

Tendo en conta o escrito remitido pola Deputación provincial no que se esixe, entre outros, que xunto a solicitude da subvención, se achegue un certificado do Pleno da Corporación no que conste o interese público da solicitude de subvención provincial.

*E polo que, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:*

PRIMEIRO.- Considerar que o interese público da subvención nominativa cuxa solicitude se pretende está baseado nos argumentos que a continuación se reproducen:

A MELLORA DA ACCESIBILIDADE E DOS SERVIZOS URBÁNS NA ESTRADA N-651 (MARXE DEREITO SENTIDO FERROL), ENTRE OS PKS 20+940 E 21+460, EN CABANAS é un proxecto de interese público, dado que na actualidade a zona non se pode transitar de maneira peonil, ademais de ter un alto risco de accidentes de tráfico pola falta de iluminación e beirarrúas.

Actuacións acometidas de gran interese:

- *Mellora da accesibilidade da zona (hoxe en día inexistente).*
- *Cambio de luminarias a Led.*
- *Mellora na seguridade viaria. (Increméntanse os pasos de peóns, sinalizan e iluminan).*
- *Cámbiase a canalización de subministración de auga (hoxe en día a tubaxe é de fibrocemento).*
- *Cámbiase o saneamento da zona (están detectadas varias fugas da rede de saneamento).*



A zona carece de beirarrúas adaptadas para persoas con mobilidade reducida nin tampouco conta con pasos de peóns suficientes para garantir a seguridade das persoas viandantes. Estes dous factores provocan un alto risco para o tráfico rodado e incrementa a posibilidade de que se produzan accidentes.

Con este proxecto realizaranse traballos de mellora nas redes de servicios públicos. Entre eles destaca o cambio de todas as luminarias a tecnoloxía LED, o que repercutirá nun aforro enerxético, económico e, sen dúbida, contribuirá a protexer e mellorar o medio ambiente; ademais, con esta medida tamén se quere garantir unha boa iluminación tanto nas beirarrúas como na estrada, dado que hoxe en día é insuficiente, o que aumenta a posibilidade de atropelos e roubos nos comercios da zona.

Outro das obras que se realizará será a substitución da rede actual de subministro de auga potable, debido a que na actualidade a rede existente é de fibrocemento, un material catalogado como perigoso para a saúde pública. Tamén se cambiará a rede de saneamento xa que se encontraron fisuras e filtracións na rede actual, o que causa un dano medioambiental. Con esta última medida tamén se reconducirán as augas pluviais con novos sumidoiros á rede de pluviais municipal.

Pola urxencia do proxecto vese necesario a solicitude dunha subvención nominativa para o Concello de Cabanas, visto que a tramitación do POS 2021 xa está aprobada e que deste xeito demoraría máis a realización dos traballos plasmados no dito proxecto.

O orzamento total é de 413.924,88€ os cales, xunto a subvención nominativa da Deputación da Coruña, se financiarán con fondos propios do Concello de Cabanas.

SEGUNDO.- Solicitar unha subvención nominativa por importe de 180.000,00 € á Deputación da Coruña, de acordo co orzamento recollido no proxecto Mellora da accesibilidade e dos servizos urbanos na estrada N-651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas, sendo o coeficiente de financiación proposto o 43,4861514 %.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación provincial.

Sometida a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día é aprobado por dez (10) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG, PP e a concelleira do Grupo Mixto e unha (1) abstención do concelleiro do Grupo Mixto.

Quenda de intervencións (remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)

Sometido o asunto a votación e por dez (10) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG, PP e a concelleira do Grupo Mixto e unha (1) abstención do concelleiro do Grupo Mixto, adoptouse o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Considerar que o interese público da subvención nominativa cuxa solicitude se pretende está baseado nos argumentos que a continuación se reproducen:

A MELLORA DA ACCESIBILIDADE E DOS SERVIZOS URBÁNS NA ESTRADA N-651 (MARXE DEREITO SENTIDO FERROL), ENTRE OS PKS 20+940 E 21+460, EN CABANAS é un proxecto de interese publico, dado que na actualidade a zona non se pode transitar de maneira peonil, ademais de ter un alto risco de accidentes de tráfico pola falta de iluminación e beirarrúas.

Actuacións acometidas de gran interese:

- Mellora da accesibilidade da zona (hoxe en día inexistente).
- Cambio de luminarias a Led.
- Mellora na seguridade viaria. (Incrementáanse os pasos de peóns, sinalizan e iluminan).
- Cámbiase a canalización de subministración de auga (hoxe en día a tubaxe é de fibrocemento).



- *Cámbiase o saneamento da zona (están detectadas varias fugas da rede de saneamento).*

A zona carece de beirarrúas adaptadas para persoas con mobilidade reducida nin tampouco conta con pasos de peóns suficientes para garantir a seguridade das persoas viandantes. Estes dous factores provocan un alto risco para o tráfico rodado e incrementa a posibilidade de que se produzan accidentes.

Con este proxecto realizaranse traballos de mellora nas redes de servicios públicos. Entre eles destaca o cambio de todas as luminarias a tecnoloxía LED, o que repercutirá nun aforro enerxético, económico e, sen dúbida, contribuirá a protexer e mellorar o medio ambiente; ademais, con esta medida tamén se quere garantir unha boa iluminación tanto nas beirarrúas como na estrada, dado que hoxe en día é insuficiente, o que aumenta a posibilidade de atropelos e roubos nos comercios da zona.

Outro das obras que se realizará será a substitución da rede actual de subministro de auga potable, debido a que na actualidade a rede existente é de fibrocemento, un material catalogado como perigoso para a saúde pública. Tamén se cambiará a rede de saneamento xa que se encontraron fisuras e filtracións na rede actual, o que causa un dano medioambiental. Con esta última medida tamén se reconducirán as augas pluviais con novos sumidoiros á rede de pluviais municipal.

Pola urxencia do proxecto vese necesario a solicitude dunha subvención nominativa para o Concello de Cabanas, visto que a tramitación do POS 2021 xa está aprobada e que deste xeito demoraría máis a realización dos traballos plasmados no dito proxecto.

O orzamento total é de 413.924,88€ os cales, xunto a subvención nominativa da Deputación da Coruña, se financiarán con fondos propios do Concello de Cabanas.

SEGUNDO.- Solicitar unha subvención nominativa por importe de 180.000,00 € á Deputación da Coruña, de acordo co orzamento recollido no proxecto Mellora da accesibilidade e dos servizos urbanos na estrada N-651 (marxe dereito sentido Ferrol) entre os PKS 20+940 e 21+460, en Cabanas, sendo o coeficiente de financiación proposto o 43,4861514 %.

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as catorce horas e trece minutos estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, certifico.

Vº e Pº

